

NEG CHAMA Á PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN DO DÍA 26 POLA CONTINUIDADE DE PREESCOLAR NA CASA

No contexto desta vaga de recortes que afecta directamente á educación e contra a que Nova Escola Galega se veu manifestando en distintas ocasións, denunciámos un novo episodio do proceso de acoso e derrubo contra PREESCOLAR NA CASA, unhas das iniciativas que ten un selo propio polo seu recoñecido traballo a prol da educación familiar, principalmente no ámbito do rural galego.

Preescolar na Casa naceu en 1977, e nestes 34 anos de existencia converteuse nun referente pedagóxico que se foi anticipando ás necesidades educativas e mesmo comunitarias da sociedade galega, inicialmente no medio rural e na actualidade cunha presenza diversificada tanto no ámbito territorial canto nas persoas e colectivos atendidos nas catro provincias galegas. A súa continuada traxectoria aséntase nunha aposta seria e rigorosa por ofrecer modelos de parentalidade positiva, inseridos na cultura e na lingua do país, e atentos ás situacións de risco e exclusión social que están presentes na sociedade actual. Ao seu traballo no medio rural galego, PnC sumou nos últimos tempos a atención educativa a nais e pais nos cárceres ou con colectivos desfavorecidos nas cidades.

A tarefa de formación e asesoramento a pais e nais e, no seu caso, tamén a profesionais da educación, dentro da propia comunidade, nos espazos das escolas infantís ou aproveitando os medios de comunicación nos que ten presenza, é amplamente recoñecida pola sociedade e no eido da pedagogía, como evidencia a pluralidade de voces que rexeitan a retirada do apoio institucional que pode precipitar a súa desaparición.

É evidente que manter a estrutura de profesionais e programas que desenvolve PnC esixe complicidade institucional e, nese sentido, diferentes administracións viñeron apoiando economicamente este programa, e mesmo presentándoo como modélico ante organismos e institucións de distintas comunidades autónomas e de carácter internacional. Precisamente a súa existencia permitiulles acreditar na aposta por unha parentalidade positiva, tal e como recomenda na actualidade a Comunidade Europea.

Unha vez máis, as promesas de non recortar en educación e no amplo campo que se acubilla baixo o paraguas do denominado benestar social chocan coa realidade, poñendo de manifesto como a acción política deste goberno supón unha drástica regresión nos dereitos e oportunidades que afectan a importantes sectores da poboación. Neste caso, ademais, chove sobre mollado, na medida en que o medio rural é historicamente deficitario en relación aos servizos educativos e, asemade, os colectivos atendidos por PnC son precisamente aqueles máis necesitados dunha atención social e educativa. Os datos ilustran sobre como o labor de PnC, sen ERE, beneficiou no ano pasado a preto de 4.000 familias, e agora só poderán atender unha cuarta parte.

A supervivencia de Preescolar na Casa é do maior interese social e pedagóxico, especialmente nos momentos de crise que a sociedade está padecendo. Para reclamar a súa continuidade e en recoñecemento da súa valiosa traxectoria de traballo pedagóxico, apoiámos as accións de mobilización que se propoñan na súa defensa. Particularmente, desta quenda, chamámos a acudir á MANIFESTACIÓN DO DÍA 26 que se celebrará na cidade de Lugo.

Compostela, 21 de novembro do 2011.